

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

1. Marque a opción correcta.

- A) A ambulancia recolleu ao paciente nunha padiola e levouno ao hospital.
- B) A ambulancia recogió ao paciente nunha camilla e levouno ao hospital.
- C) A ambulancia recolleu ao paciente nunha padiola e levouno ao hospital.
- D) A ambulancia recolleu ao paciente nunha padiola y levouno ao hospital.

2. Ten xénero feminino?

- A) Coche
- B) Mantel
- C) Sangre
- D) Ponte

3. A frase correctamente escrita é?

- A) Tomou una dosis superior á receitaada.
- B) Tomou una dosis superior a receitaada.
- C) Tomo una dosis superior á receitaada.
- D) Tomou unha dose superior á receitaada.

4. A frase incorrecta é?

- A) Le dio un mareo e tivemos que ir a urxencias.
- B) Le dio un mareo e tivemos que ir a urgencias.
- C) Deulle un mareo e tivemos que ir a urxencias.
- D) Le dio un mareo y tivemos que ir a urxencias.

5. Cal destas palabras en plural está mal escrita?

- A) Reptiles
- B) Irmáns
- C) Cónsules
- D) Mísiles

6. Cal destes sustantivos é feminino?

- A) Garaxe
- B) Traxe
- C) Paxe
- D) Fame

7. Destas frases cal é a correcta:

- A) Teño que ir a recursos humanos a preguntar sobre o meu contrato.
- B) Tengo que ir a recursos humanos a preguntar sobre o meu contrato.
- C) Tengo que ir a recursos humanos a preguntar sobre o meu contrato.
- D) Teño que ir a recursos humanos a preguntar sobre o meu contrato.

8. Cal destas palabras non está correctamente escrita en galego?

- A) Abuelo
- B) Pai
- C) Curmá
- D) Madriña

9. Destas palabras cal non se pode considerar unha árbore?

- A) Maceira
- B) Pereira
- C) Acibro
- D) Cóbado

10. Que frase está correctamente escrita?

- A) A viuva non ten pensión de viudedad.
- B) A viúva non ten pensión de viuvez.
- C) A viuda non ten pensión de viudedad.
- D) A viuda non ten pensión de viuvez.

Preguntas de reserva

1. Cal é o nome dun animal cunha coiraza?

- A) Corvo
- B) Tartaruga
- C) Gabián
- D) Furón

2. Cal destas frases está correctamente escrita?

- A) Ten vostede que vir en xaxún para a analítica do sangue.
- B) Ten vostede que vir en ayunas para a analítica do sangue.
- C) Ten vostede que vir en ayunas para a analítica da sangue.
- D) Ten vostede que vir en xaxún para a anlítica da sangue.